



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de xullo 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XULLO 2009



1.- Resumo

Mes moi húmido e moi frío en toda Galicia

O mes de xullo estivo caracterizado en Galicia pola presenza de aire frío en altura no Atlántico norte, bloqueado por altas presións no Mediterráneo occidental e Europa Central. Este aire frío alimentou baixas presións centradas ó oeste de Irlanda que foron afectando de forma sucesiva a Galicia. Desta forma as primeiras dúas xornadas do mes estiveron caracterizadas por situacións anticiclónicas, pero as baixas presións dominaron nos días 3, 4 e 5 deixando un aumento de nubes e chuvias na metade oeste de Galicia. A continuación Galicia tivo o período anticiclónico máis largo do mes entre o día 6 e o 11, con temperaturas máximas por riba da media de xullo nas xornadas do 9 e o 10. Na xornada do 11 chegou unha fronte con pouca actividade, pero suficiente para deixar os ceos anubrados e chuvias febles na metade oeste. A partir dese momento rexistrouse unha nova fronte pouco activa o día 14 e unha segunda o día 16, desta volta con máis actividade, que deixou chuvias intensas durante a mañá no área das Rías Baixas. Entre o 17 e o 20 de xullo tivemos un novo período anticiclónico que rematou bruscamente o día 21, quedando Galicia entre o 21 e o 24 baixo a influencia dunha borrasca profunda. A xornada do día 22 foi particularmente sinalada posto que as chuvias foron persistentes e moi intensas por todo o país. En xeral pódese dicir que as cantidades de chuva acumuladas durante ese día foron superiores ás que serían normais para todo o mes de xullo. A partir do 24 pola tarde as altas presións entraron novamente, deixando un tempo estable, seco e soleado na fin de semana do 25 e 26 de xullo. A derradeira semana do mes estivo caracterizada pola variabilidade, sendo os días 28 e 30 plenamente anticiclónicos, aínda que con temperaturas baixas para a época do ano.

Temperaturas:

As temperaturas en xeral foron baixas. Este comportamento é debido principalmente á ausencia de períodos anticiclónicos prolongados, nos que as temperaturas podan ir subindo e marquen valores realmente altos. A única excepción a este comportamento é o litoral de Lugo e norte de A Coruña. Normalmente estes son os puntos de Galicia que rexistran menores temperaturas por mor da presenza de ventos de compoñente norte. Dado que neste mes de xullo tivemos moitas situacións de sur, asociadas coa chegada de borrascas, tivemos días nos que estas comarcas marcaban os valores máis altos de toda Galicia.

Chuvias:

As chuvias estiveron moi por riba do normal para un mes de xullo, aínda que é necesario ter en conta que esta anomalía débese practicamente ás chuvias rexistradas ó longo dunha xornada. Se prescindimos dos días 21 e 22 o mes podería considerarse normal ou incluso seco no interior. Neste sentido compre destacar Ourense capital onde soamente se rexistrou un día de chuva, pero con tal intensidade que o mes de xullo resulta ser o máis chuvioso da serie histórica.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm

CIS FERROL

	XULLO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.3	18.7	20.2 (1999;76)	17.2 (1977)
Tª mínima media	14.7	15.6	17.0 (1999)	14.0 (1978)
Tª mínima absoluta	11.9 (día 18)	10.2 (08/07/1978)		
Tª máxima media	22	21.8	24.1 (1976)	19.8 (1977)
Tª máxima absoluta	25.4 (día 1)	33.6 (19/07/1989)		
Precipitación acumulada	73.7	15-32	99 (1977)	2 (1986)
Días de chuvia (≥1mm)	10	5	11 (1998;77)	1 (1989;86;79)

Comentario:

Mes frío en xeral para as temperaturas mínima e media, quedando lixeiramente cálida a temperatura máxima.

A chuvia rexistrada supera o rango normal de valores para o mes de xullo, polo que o mes pode considerarse 'moi húmido'. O número de días de chuvia tamén é moi superior ao valor normal.



SANTIAGO

	XULLO 2009	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.1	19.6	21.9 (1989)	18.3 (1988)
Tª mínima media	13.2	14.4	15.7 (1989)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	9.1 (día 18)	7.0 (11/07/2002)		
Tª máxima media	21.9	24.8	28.5 (1990)	22.0 (1983)
Tª máxima absoluta	27.2 (día 19)	40.3 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	104.5	19-41	92 (1995)	2 (1992;86)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	10	5	12 (1995)	1 (1993;92;86)

Comentario:

Mes moi frío en xeral, especialmente no que respecta ás temperaturas máximas con máis de 2°C por debaixo do agardado. Tamén para a temperatura media acadouse un valor inferior que o valor mínimo da serie.

A cantidade de choiva rexistrada supera o rango normal de valores, superando tamén o valor climático de precipitación máxima no período 73-03, o mes pódese considerar 'moi húmido'. O número de días de choiva é superior ao valor climático agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobreestimada

LUGO

	XULLO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.6	19.0	21.8 (1999)	16.2 (1980)
Tª mínima media	12	13.2	15.9 (1999)	9.1 (1980)
Tª mínima absoluta	6.2 (día 18)	4.0 (17/07/1980)		
Tª máxima media	24.0	24.8	28.6 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	30.4 (día 20)	39.0 (20/07/1990; 15/07/1978)		
Precipitación acumulada	28.8	21-27	105 (1977)	0 (1986)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	2	4	10 (1977)	0 (1990;86)

Comentario:

Mes moi frío no que respecta as temperaturas mínimas e medias, a máxima acada un valor normal. A precipitación rexistrada é superior ao valor agardado polo que o mes pódese considerar 'húmido', en canto os días de choiva son inferiores ao agardado.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.8	19.9	22.3 (1989)	18.1 (1977)
Tª mínima media	14.2	14.3	16.2 (1989)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	10.7 (día 29)	7.6 (03/07/1997)		
Tª máxima media	23.8	25.5	28.3 (1989)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	28.7 (día 19)	36.4 (22/07/1990)		
Precipitación acumulada	44.1	21-42	114 (2003)	0 (1981)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	6	4	11 (1995)	0 (1993;81)

Comentario:

Mes moi frío en canto as temperaturas medias e máximas e normal respecto as mínimas. A precipitación é superior ao valor agardado polo que o mes pódese considerar 'húmido'. Os días de choiva son lixeiramente superiores os valores normais.

OURENSE

	XULLO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.2	22.1	25.0 (1989)	19.0 (1977)
Tª mínima media	14	14.6	16.8 (1979)	11.8 (1974)
Tª mínima absoluta	10.3 (día 18)	6.4 (08/07/1996)		
Tª máxima media	26.5	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	32.5 (día 19)	42.6 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	72.8	8-19	54 (1977)	0 (1986;78;74)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	1	3	7 (2000;83)	0 (1990;86;78;74)

Comentario:


Mes moi frío en xeral destacando as temperaturas máximas con máis de 2°C por debaixo do valor agardado. A precipitación rexistrada é moi superior ao agardado polo que, o mes pode considerarse "moi húmido" superándose tamén o valor máximo rexistrado no período 73-03. Os días de chuvia son inferiores ao valor climático.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión a nivel medio do mar Mes de Xullo 2009






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

**Anomalías de xeopotencial en 500 hPa
Mes de Xullo 2009**





3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 07/2009

www.meteogalicia.es